

MAGOSTO

MATERIAL DIDÁCTICO

QUE NON VOS
FALTEN AS
CASTAÑAS!!

 EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP de GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



CEIP de GALÁN
OSEIRO-ARTEIXO (Coruña)



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Diana

ÍNDICE

| | |
|-------------------------------------|----|
| Dous ourizos ben bicudos | 3 |
| No corazón do bosque | 5 |
| A castaña que chegou a árbore | 7 |
| Rap do magosto | 9 |
| O ourizo | 11 |
| Veña, que van fervendo! | 13 |
| A nena que fala | 15 |
| Ana, a castaña egoísta | 16 |
| O disfrace | 17 |
| A castaña e o meigo | 18 |

ACTIVIDADES

| | |
|-------------------------------|----|
| UN XOGO DE MEMORIA | 20 |
| UNHA CASTAÑA CON PINZAS | 21 |
| DE CASTAÑA A XOANIÑA | 22 |
| CADA COUSA NO SEU SITIO | 23 |
| TODAS AO CUCURUCHO! | 24 |
| AS SETE DIFERENZAS | 25 |
| QUE VÉN O OUTONO | 26 |
| UNHA CAIXIÑA PEQUENA | 27 |
| UN CESTIÑO CASTAÑEIRO | 28 |



Dous ourizos ben bicudos
falando nun castiñeiro
moi preto do Castrillón
comezaron a asustarse
cando viron dous rapaces
que, amodiño, se achegaban
con caras de ser lambóns.

Mais, rapaces, nese intre
os que castañas buscaban
víronas tan xeitosiñas
que as colleron decontado
pra levalas ao cole
e facer un bo colar.


É o que ten ser castaña
froito rico do outono
que en calquera das súas formas
crúa, cocida ou asada
senta ben na barriguiña
dos que festexan no cole
o saboroso Magosto



1.- Onde falaban os ourizos? Onde estaba o castiñeiro?



2.- Hai ourizos de varios tipos: o ourizo de mar, o ourizo cacho, un peixe e o ourizo que envolve o froito do castiñeiro. Colorea o do castiñeiro.



3.- De que tiñan a cara os dous rapaces que se achegaban amodiño ao castiñeiro?



4.- Un lambón é unha persoa moi amiga das lambonadas ou que come moito. Serías quen de debuxar e colorear a cara dun neno lambón?



NO CORAZÓN DO BOSQUE



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

O Sol xa quentaba sen forza cando os profesores deron a orde de recollelo todo. (...)


(...) Era cedo, aínda faltaba máis de media hora para marcharen.

- E que podemos facer mentres? - preguntou un neno.


- Pois coller castañas -contestou Rosa, ao tempo que lles sinalaba o souto que se estendía pola beira esquerda do río-. Pero non vos acheguedes á auga; tedes sitio de sobra para andardes!

Raquel e Ana correron ata os castiñeiros. Era verdade o que Rosa dixerá: baixo as árbores, o chan aparecía cuberto de follas secas, pero tamén de ourizos e de castañas soltas que se desprenderan ao caer.


As nenas deixaron caer as mochilas arrimadas a un tronco e puxéronse a apañar castañas con entusiasmo. Ao primeiro tentaban abrir os ourizos coa man, pero non facían máis que picarse nos dedos. Coas botas, e axudándose cun pao, axiña deron co método idóneo para escascar os ourizos e coller os froitos que gardaban dentro.



1.- Canto faltaba para saír de clase?



2.- Que dúas rapazas foron ata o castiñeiro? Que utilizaron para escarcar os ourizos?



3.- Une cada nome co nome colectivo correspondente.

| |
|----------------------|
| CASTIÑEIRO |
| PIÑEIRO |
| FORMIGA |
| PLANTAS DUNHA REXIÓN |
| ALLOS OU CEBOLAS |
| CARBALLO |

| |
|-------------|
| RESTRA |
| FLORA |
| SOUTO |
| CARBALLEIRA |
| FORMIGUEIRO |
| PIÑEIRAL |

4.- Localiza neste rebumbio a palabra MAGOSTO. Olo! que hai seis.

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E | M | M | M | L | U | D | H | F | I | Z | M |
| F | A | M | A | G | O | S | T | O | X | D | A |
| H | G | E | G | G | X | F | Z | B | I | V | G |
| D | O | B | O | I | O | E | U | H | N | F | O |
| V | S | F | S | Z | H | S | X | D | I | U | S |
| U | T | I | T | D | E | B | T | Z | F | H | T |
| E | O | X | O | I | M | A | G | O | S | T | O |

A CASTAÑA QUE CHEGOU...



TUCHO CALVO

O día que nacín, o sol de mediados de outubro petaba de firme na fraga. Non se paraba coa calor alí dentro e comezamos a rebulir ata que rachou a parede que nos amparaba e abriuse diante miña, que estaba no medio, un tremendo abismo. Foi terrible.

- Por que vimos dar aquí as máis de nós? –preguntei cando xa me sentín menos mareada, a outras castañas que atopei.

- Ui, isto non é nada!. Nun par de días, como siga o ventiño e non deixe de quentar o sol, échese o rego. E daquela virán apañar-nos. Meterannos nun paxe ou en calquera saco, e levarannos. Despois espallarannos ao sol ata que esteamos ben enxoiatas e secas.

Nese momento prepáranos para o seu alimento: unhas veces, bótannos sen máis a ferver en auga un pouco salgada e con anises que tamén apañan aí embaixo, e chámannos zonchos; outras, pícanos a pel e póñennos nalgún asador; ás veces, íspennos desta pel escura, póñennos unha noite a remollo e cócennos despois cos anises e unha miga de sal, para logo espelicarnos e comernos; fan con nós caldo, doces...

- Mamá, que medo!

- Non te apures. Non é o peor que nos pode pasar, segundo os meus gustos. En cada castiñeiro somos moreas de castañas e para as máis de nós ese é o futuro. Hai quen conta que non é tan malo. De feito, nós non sentimos dor, iso que preocupa aos animais. Así que o peor do conto é que temos



unha vida curta. Pero dise que os humanos gozan connosco. Mesmo nos fan unha festa, o magosto, e tanto nela como nas asadas que se fan nas lareiras aproveitan para parolar, contar historias e contos á luz do lume... Seica se pasa moi ben... e nós somos as protagonistas.

- Que resignada te atopo! A min gustaríame viaxar e ver mundo e algún día atopar unha boa terra e botar raíces para me facer árbore.

- Que lista! E a quen non?



1.- A castaña fíxose maior e chegou a árbore. A que chegaron de maiores cada un destes animais? Une.

| | | | |
|----------------|---|---|-----------------|
| CAZAPO | ● | ○ | PORCO |
| PITO | ● | ○ | CARNEIRO |
| CANCIÑO | ● | ○ | COELLO |
| AÑO | ● | ○ | CAN |
| LEITÓN | ● | ○ | GALIÑA |

2.- Ordena esta maneira de cocer as castañas e... comelas.

| | |
|----------------------------------|--------------------------------------|
| Cócense con anises e sal. | Íspense da pel escura. |
| Espelícanse. | Póñense unha noite a remollo. |
| Cómense. | |

- 1.- _____
- 2.- _____
- 3.- _____
- 4.- _____
- 5.- _____



Castaña, castaña, do chan se apaña,
Metida no ourizo non é unha “patraña”.
Magosto, magosto, non vaias co posto
Lava castañas e alegra ese corpo.

Coidado cos dedos, pódeste picar,
O castiñeiro protexe o seu froito vital.
Apañando con tino metendo nun cesto,
Deixando secar a castaña ao solleiro.

Despois de ben secas, mételle o dente,
Ponas ao lume para que estean ben quentes.
Despois dun tempiño están preparadas
Comemos castañas, castañas asadas.


Tamén é costume furar a tixola
Para asar as castañas. A tixola mola!
Hai outros que queren facelas cocidas,
Fiúncho e cachelos, castañas fervidas.

Non hai desperdicio, non perdas o tempo,
Tan só hai que poñer en bo uso o peteiro.
Deixádeme agora que convide eu.
Castañas, castañas, non sexas baldreu!



O ENCRUCILLADO DO RAP DO MAGOSTO

1.- Depois do Rap do magosto toca agora o encrucillado do magosto. Atrévete?



HORIZONTALAIS

- 1.- Elemento no que hai que poñer as castañas para que estean ben quentes. Ollo! que queima.
- 2.- Lugar no que se apañan as castañas que caen dos ourizos.
- 3.- Apelido do cantante do rap do magosto, Paco...
- 4.- Co día así secan mellor as castañas. Non chove, non hai nubes, non neva, non orballa, non hai néboa... é un día...
- 5.- Recipiente de vimbios ou de corrizas de madeira con asa para levar froita, roupa... onde metemos as castañas que imos apañando polo chan.
- 6.- Recipiente metálico circular que se usa na cociña para fritir, tamén para asar as castañas e que ás veces se fura para podelas asar mellor. Mola!

1.- LUME 2.- CHAN 3.- NOGUEIRAS 4.- SOLLEIRO 5.- CASTIÑEIRO 6.- CESTO 7.- TIXOLA



Co seu ouro vello, mol,
o ourizo ouricieiro
toma o sol
no bico dun castiñeiro.

Tal un señor moi mandón:
no bico dun castiñeiro
o ourizón
toma o seu sol moi riseiro.

O ourizo está moi ledo
coa súa casa ben pechada
-ouh, que medo!-
de espiñas toda cercada.

Quer botar unha risada
e os seus dentes arregaña
case un nada:
e xa fuxiu a castaña...!



1.- Onde toma o sol o ourizo ouriceiro?



2.- Completa a estrofa usando as seis palabras do recadro.

fuxiu risada nada castaña dentes arregaña


Quer botar unha _____

e os seus _____

case un _____:

e xa _____ a _____....!

3.- Colorea só os espazos que teñen un punto no seu interior. Que figura aparece?





A. M. CASTIÑEIRA

A VOZ DE GALICIA

HEMEROTECA (10-10-1895)

Mentres, pola súa banda, todos os rapaces de todas as aldeas, revoando coma gorrións -trastes!, máis que trastes! rillotes!, máis que rillotes!- fan unha decota tremenda nas corredeiras e nos soutos, a pedrada limpa, guindando paus á rebola ou agatuñando audaces.

Caen morcegas, berdellas, albariñas, bravas -que son as que mellor se conservan-, lugesas, as de cedo, espiñudas, patosas, rosendas... Cada unha co seu tamaño e o seu sabor, a pesares do que cren os profanos de que non hai máis que unha clase de castañas. Erro tremendo!

Así que benvidas sexan as castañei-ras... e as castañas, que seguramente farán a delicia de moitos gastrónomos, que deixando clásicos modos de comelas entréganse ás confitadas, ou tómanas con crema ou tómanas -e isto é case un segredo- cocidas en viño de Xerez. Nós probámolas así, pero declaramos que as preferimos cocidas en auga... e o Xerez, despois.



1.- Localiza nesta sopa de letras o nome de oito variedades de castañas.
No texto parecen nove. Cal falta?

**ROSENDAS PATOSAS ESPÍNUDAS LUGUESAS DE CEDO
BRAVAS ALBARIÑAS BERDELLAS MORCEGAS**

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | D | G | Ñ | B | F | H | N | C | V | R |
| S | B | A | C | N | V | X | D | M | Z | O |
| P | G | F | V | B | S | P | N | Ñ | H | S |
| M | O | R | C | E | G | A | S | M | A | E |
| N | A | H | D | R | B | T | S | G | F | N |
| D | E | C | E | D | O | O | D | B | N | D |
| B | C | S | Ñ | E | F | S | A | R | H | A |
| X | V | F | M | L | N | A | Ñ | A | D | S |
| Z | S | A | H | L | D | S | F | V | N | G |
| D | A | L | B | A | R | I | Ñ | A | S | B |
| H | S | F | G | S | M | Ñ | D | S | V | N |
| S | L | U | G | U | E | S | A | S | D | A |

Tipo de variedade de castaña que falta na sopa de letras?

A CASTAÑA QUE FALA



SHEILA ARES ESPAÑA
4º A CEIP de GALÁN

Había unha vez unha nena que ía polo bosque a apañar castañas e escoitou unha voceciña moi aguda e próxima.

De pronto caeu unha castaña moi pequeniña que comezou a falar e a nena asustouse moitísimo.

A castaña dixo:

-Ola, chámome Castañiña, e ti, como te chamas?

A nena respondeu:

-Eu chámome Aurora.

E as dúas, castaña e nena, fixéronse amigas e así estiveron moito tempo ata que un día a nai de Aurora, sen querer, colleu a Castañiña e botouna ao lume para asala.


A pobre da castaña comezou a berrar e chamar pola súa amiga.

Aurora, que estaba xogando no parque, escoitou berros de alguén pedindo axuda e pensou, pensou... era a voz da súa amiga Castañiña!

Botouse a correr, entrou na casa e rescatou do lume á súa amiga a castaña. Castañiña tivo moita sorte!

Pero cal non sería a súa sorpresa cando descubriu que a Castañiña lle saíran ollos e boca, así que, cando medraron máis, foron de viaxe a París e alí quedaron a vivir.

Aurora atopou traballo e Castañiña foise a un bosque, pero sempre estiveron xuntas.



DEBUXO: Fati, CEIP Juan Fdez. Latorre

ANA, A CASTAÑA EGOÍSTA



ÁNGELA BAYO LOBEIRAS
3º A CEIP de GALÁN

Este é o conto dunha castaña chamada Ana.

Un día mentres xogaba e saltaba oíu unha voz que berraba:

- Socorro!!!

E de novo a mesma voz:

- Auxilio!!!

E Ana díxo:

- Ola. Quen está por aí? Quen berra?

E a voz contestou:

- Son unha tartaruga.

- En serio es unha tartaruga? Eu agardaba algo mellor -dixo Ana.

- Pero non ves que vou afogar?

- Pois non, non vexo nada

diso. Só vexo unha tartaruga metida na auga.


- Anda bótame unha man -contestou a tartaruga algo enfurruñada.

- Uff, pois vale -ros-mou Ana e ao instante botoulle unha man.

- Moitas grazas -agradeceulle a tartaruga.

- A min dame un tesouro e nada de grazas -díxolle de malos modos a castaña.

Pero a tartaruga, sen darlle nada de nada, foise polo camiño adiante.





ANDREA RODRÍGUEZ
4º B CEIP de GALÁN


Hai algún tempo uns nenos e nenas querían celebrar un bo magosto, con castañas, larpeiradas, xogos, cancións... pero seus pais non lles deixaban.

A verdade é que a rapazada estaba moi triste, tan tristes que os pais, ao velos así, fixeron un disfrace de castaña para que os nenos e nenas se alegraran.

Meu dito, meu feito! Cando os pais disfrazados de castaña petaron na porta da súa habitación, os rapaces comezaron a correr. Pero non pensedes que corrían co susto, non, non: corrían de alegría!

Por fin poderían celebrar o magosto!

Ao final os pais foron durmir e eles puideron celebrar, coma todos os anos, o seu magosto.





DAVID TRAPOTE FDEZ.
3º A CEIP de GALÁN

Érase unha vez unha castaña moi, pero que moi pequena.

Todas as demais castañas do bosque rían dela. Ningunha quería xogar con ela porque, ao ser tan pequena, non podía nin correr nin saltar.

Pero un día, no outono, cando andaba paseando polo souto apareceu o meigo do bosque, que casualmente pasaba por alí para apañar unhas castañas para facer o seu magosto.

O meigo, ao vela tan soa, pequena e tristeira, preguntoulle:

- Que che pasa castañiña?

- Pois que me vai pasar! Que ninguén quere xogar comigo -respostoulle a castaña case a piques de chorar.

- Por que? -volveu preguntar o meigo.

- Por ser tan pequena.

- Pero iso non é ningún problema. Non esteas triste. Vou facer un feitizo para resolver este problema. -dixo sorrindo o meigo.

E sen máis, o meigo sacou unha variña máxica e botou o seu feitizo:

- *Zas, pas, pus, castaña grande e bonita serás.*

E, ao momento, a castaña comezou a medrar. O meigo seguiu apañando castañas e dende ese día todos os habitantes do souto queren xogar con ela e nunca máis volveu estar triste.




ACTIVIDADES



UN XOGO DE MEMORIA






Pinta cada unha das fichas das froitas e cada parella da mesma cor.
Recórtaas, dálle a volta e... a xogar!



UNHA CASTAÑA CON PINZAS




Colorea e recorta as patas e as pinzas. Colle unha castaña e pégalle todas as pezas, píntalle os ollos e... a meter medo!



DE CASTAÑA A XOANIÑA





Colorea de negro o que vai ser a cara da xoaniña e o corpo píntao de cor vermella. Cun rotulador faille unha liña polo medio e píntalle cinco puntos a cada lado. Finalmente píntalle os ollos e xa tes unha xoaniña.



CADA COUSA NO SEU SITIO







Recorta cada unha das pezas da castañeira, pégaas no lugar que lle corresponde e colorea ou tamén podes copiar o debuxo da parte superior.



TODAS AO CUCURUCHO!




Colorea as castañas e o cucurucho. Recorta todo e pega as tres castañas na parte escura do cucurucho



AS SETE DIFERENZAS




Descubre as sete diferenzas entre os dous debuxos e despois colorea o da parte superior.



QUE VÉN O OUTONO!




Debuxa as follas e os ourizos que lle faltan ao castiñeiro. Colorea.



UNHA CAIXIÑA



Colorea, recorta, encarta, pega... e terás unha caixiña para levar... unha castaña!




UN CESTIÑO CASTAÑEIRO




Fai o teu cestiño para as castañas do magosto. Só precisas un brick de leite e seguir estas instruccións.


UN CESTIÑO PARA AS CASTAÑAS



1.- Corta un cartón de leite pola metade.




2.- Pega cada metade e fai un burato pequeno en cada lateral.



3.- Engancha un cordel longo nos furados que fixeches.

Un lado serve para as castañas e outro para as tonas.



4.- Adorna e decora a caixa. Podes empregar técnicas diferentes: coloreala con témperas, forrala con papeis de cores, poñerlle pegatinas...

Xa tes a caixa lista para encher de castañas asadas!

CONTAMOS COA VOSA COLABORACIÓN PARA MANTER LIMPO O COLE!

